


CAMPAMENTO DE NADAL

Medidas de reforzo á Conciliación en tempos de COVID-19



23 - 24 - 28 - 29 - 30 - 31

de decembro

e **4 - 5 - 7**

de xaneiro,

de 9 am a 2 pm

con posibilidade de entrar

ás 8 am e saída ás 3 pm

MULTIÚSOS - ARCADE

DESTINATARIAS/OS:

persoas empadronadas con
nenas/os menores de 14 anos
con necesidades de conciliar



cim@soutomaior.es
986 701 227

1. ORGANIZACIÓN DE GRUPOS

O servizo está dirixido a nenas/os menores de 14 anos

Para maior seguridade e eficacia no desenvolvemento das actividades, estableceranse grupos de participantes agrupados de forma homoxénea e por idade, adaptando as actividades a cada un dos grupos. En base ás inscricións, levarase a cabo a formalización dos grupos. Organizaranse por idades, dependendo da demanda, unha vez avaliada a demanda existente, intentando que a agrupación sexa o máis homoxénea posible.

Están establecidos uns protocolos para o COVID-19

2. ENTRADAS E SAÍDAS

Proponse establecer unha franxa horaria diferenciada tanto de entradas como de saídas.

A entrada pode variar entre as 08:45 da mañá ata as 9:00 horas co fin de non xerar aglomeracións.

Nas saídas faremos o mesmo propoñendo horarios de saída dende as 13:45 horas até as 14:00 horas.

Antes de comezar o campamento será enviada a cada familia o protocolo específico a ter en conta.

3. PREFERENCIAS INSCRICIÓN

- Familias monoparentais traballadoras,
- Familias onde as dúas persoas estén activas laboralmente,
- Persoas que necesiten conciliar por motivo da covid-19,



Concello Soutomaior



CIM SOUTOMAIOR

INSCRICIÓNS
ATA

18 DE
DECEMBRO

4. HORARIO E ACTIVIDADES

Dentro do horario do programa de Conciliación se intercalarán actividades LÚDICO educativas DEPORTIVAS, XOGOS e OBRADOIROS, actividades e xogos ao aire libre, SEMPRE TRABALLANDO BAIXO A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

O HORARIO BASE do programa de Conciliación será é o seguinte: (EXEMPLO)

9:00 – 9:30h Acollida.

9:45 – 11:00h 1o actividade.

11:00 – 11:30h Almorzo

11:45 – 13:30h 2o actividade

13:35 – 14:00h Despedida escalonada

****Nos días nos que haxa saída polo entorno o horario do mesmo podería sufrir modificacións.**

5. ACTIVIDADES

Dentro do horario do programa de Conciliación se levarán a cabo actividades prioritarias tales como:

- Mirando con lentes de xénero
- Coñecendo os noso dereitos humanos
- treatrévete
- Contos ó revés
- Xincana
- Cancións pola igualdade
- Obradoiros de: Reciclaxe, cociña, pintura, xogos tradicionais.

Non se realizarán actividades que impliquen compartir comida, coller obxectos coa boca ou similar.

Unha BOLSA DE OBRADOIROS de uso unipersoal, na cal o usuario disporá de todo o material que vai necesitar para realizar os diferentes obradoiros fixados na programación (tesoiras, gomets, pegamento, pinturas, etc).

6. RECOMENDACIÓNS PREVIAS ÁS FAMILIAS E PARTICIPANTES

Para participar no programa de conciliación, todas as familias deberían aceptar unha declaración responsable, onde garantan a saúde do/a neno/a durante os 14 días previos á entrada ao campamento.



QR INSCRICIÓNS EN LIÑA

<https://gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-liña>